ESPAÑA FRANQUEO CONCERTADO F.C. Nº 15000077

HORTA. Xornada en Lourenzá sobre retos e oportunidades na horta da Mariña ▸ 6 e 7

MINARÍA. Demanda contra o director xeral de Minas por denegar información ambiental ▸ 9

LEITE Chega a Galiza a iniciativa que aposta por calidade e prezos dignos

Chega a España "Quen é o xefe?!", a marca que está a revolucionar o mercado do leite francés ▸ 3

Quen é o xefe?!®

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLV - Nº 325 - Marzo-Abril 2019

S.O.S. SOLUCIÓNS AOS DANOS DA FAUNA SALVAXE




O 8 de maio, centos de labregos e labregas fixemos unha marcha dende os edificios administrativos de San Caetano até a Consellaría de Medio Ambiente para expresar a nosa indignación diante da indiferenza con que a Xunta de Galicia está a tratar o problema da fauna salvaxe. Ano tras ano, a situación empeora sen que os responsábeis políticos fagan nada por tentar revertir a situación, polo que fartos e fartas de tanta ineptitude, saímos á rúa para esixir que fagan o seu traballo dende os despachos. ▸ 6 a 7

Unha carta de dereitos para reforzar a loita dos movementos sociais



O Sindicato Labrego Galego, e con el La Vía Campesina, quixo compartir a Declaración dos Dereitos Labregos cos colectivos e organizacións que se destacan na Galiza na loita e defensa da terra. E fíxoo nunha emotiva cerimonia no Salón Nobre do Pazo de Fonseca, en Santiago Compostela, o 31 de marzo. ▸ 10



Sonia Vidal Lamas elixida para formar parte do Comité Coordinador da Coordinadora Europea da Vía Campesina ▸ 11

MONTES A Lei de Montes obriga a realizar os traballos de limpeza nas faixas de protección contra os lumes antes do 31 de maio ▸ 8 e 9

MOCIDADE Posta en marcha das xornadas de granxas abertas para coñecer de preto experiencias agroecolóxicas na Galiza ▸ 12

MULLERES O traballo d'AS Berenguelas para dinamizar as mulleres do rural no concello de Culleredo ▸ 13

sindicato labrego galego
comisións labregas

EDITORIAL

Para que o monte non nos coma

Este mes de maio, centos de labregas e de labregos do Sindicato Labrego Galego e doutras organizacións fixemos unha cacerolada diante das Consellerías de Medio Ambiente e de Medio Rural para facernos oír.

Aínda que na última campaña electoral semella que moitas opcións políticas se deron conta de que o rural tamén existe, cando descubriron que nas nosas circunscripcións tamén elixiamos parte das deputadas e dos deputados; o certo é que semella que, o resto dos 365 días, a case ninguén lle importa que, despois de interminables xornadas de traballo, non nos quede moitas veces nada en limpo, que os prezos sexan de miseria, que esteamos enterradas nunha burocraria imposible, que cada ano suframos máis perdas nos nosos cultivos e nos nosos animais polos danos da fauna salvaxe, que cada día se nos esixan máis requisitos, esteamos máis desanimadas e sexamos menos.

Cando os lumes avanzan cara ás casas, cara ás estradas ou polos montes, todo o mundo está de acordo en que hai que tomar medidas para que non volvan acontecer, e que unha paisaxe mosaico de cultivos e de pradeiras é o mellor cortalumes que pode haber se alguén se lle ocorre a barbaridade de porlle lume ao monte. Neses momentos hai un gran clamor contra as políticas causantes do abandono, contra a eucaliptización masiva, contra as forestacións próximas a vivendas e contra a falta de ordenación do territorio; máis a memoria é feble e axiña se esquece, ata a seguinte vez.

Cando nos xornais ou no noso contorno escoitamos de xeito reiterado de novos casos de cancro, enfermidades circulatorias, dexenerativas, resistencias a antibióticos ou outras patoloxías vencelladas en gran medida a unha mala alimentación, aparece a sorpresa ou a lamentación pola fatalidade. O certo é que a maioría no íntimo sabemos que a produción industrial de alimentos, con un crecente uso de agrotóxicos, produtos químicos, medicamentos, alimentos ultraprocesados, comidas cheas de aditivos… van na dirección contraria a termos alimentos sans e que non nos enfermen. A mellor menciña é termos bos alimentos para os que precisamos moitos labregos e labregas; aspecto que tamén esquecemos a maioría do tempo.

“No ano 2013, a Lei de Caza prevía xa a creación dun fondo de corresponsabilidade para pagar os danos que seis anos despois aínda non está creado. Que pasa? Que a responsabilidade de alimentar a fauna salvaxe é só nosa?”

Semella que estamos nun momento no que aumenta a preocupación polo medio ambiente e pola ecoloxía, aspecto do que deberiamos alegrarnos porque unha sociedade consciente debería ser a nosa maior fortaleza, na súa condición de firme defensora dunha agricultura sostible e respectuosa coa natureza. Paradoxicamente, esta sociedade, na teoría comprometida, en conxunto adquire cada vez máis alimentos industriais que veñen de miles de kilómetros, producidos de xeito cada vez máis intensivo, ignorando, e ás veces desprezando, a loita de moitas persoas para poder vivir con modelos máis sostibles como a gandería extensiva e para que a administración asuma dunha vez por todas as súas responsabilidades na xestión das poboacións de fauna silvestre e do seu estado sanitario. No ano 2013, a Lei de Caza prevía xa a creación dun fondo de corresponsabilidade para pagar os danos que seis anos despois aínda non está creado. Que pasa? Que a responsabilidade de alimentar a fauna salvaxe é só nosa?

A primeiros de ano o Ministerio de Agricultura Español comunicáballes ás comunidades autónomas, entre ellas a Galiza, a situación de alarma ante o perigo do avance de peste porcina africana, mortal no 90 por cento dos casos, na poboación de xabaríns e de aí a posible transmisión ao porco doméstico, ao igual que está a acontecer en países europeos como Polonia, Bélxica ou Francia. Segundo un estudo do Sergas, con datos recollidos entre os anos 2000 e 2013, en Galiza foi necesario hospitalizar neste tempo a 132 persoas infectadas por Lyme, unha enfermidade causada pola bacteria Borrelia burgdorferi, transmitida por carrachas, un 57 % homes con unha media de idade de 56 anos que, nalgúns casos, experimentaron problemas neurolóxicos, cardíacos ou articulares agudos. Tampouco pasa nada, ata que pase. Está claro que precisamos facernos oír e, sobre todo, facernos entender.



Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual

FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso e Conchi Mogo.

COLABORACIÓNS
Isabel Vilalba Seivane, Diego Sánchez Agra, Belén Ledo Conde, Antón Villarino, Sonia Vidal Lamas, Conchi Mogo e Laura Rey Pasandín

PECHE DE EDICIÓN 13-05-2019

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615
LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

LEITE ▸ ”Quen é o xefe?!” permite aos consumidores e consumidoras elixir o tipo de leite que queren mercar e fixa un prezo en orixe que cubre as calidades esixidas

Chega a Galiza a marca que está a revolucionar o mercado do leite francés

O produto vendido no país veciño ten que ser de pastoreo, coas forraxes mercadas na contorna e cun prezo base de 0’39 €



O Sindicato Labrego Galego oficiou, o 25 de abril, como organización anfitrioa na presentación na Galiza do proxecto “C'est qui le patron?! La marque du consommateur (Quen é o xefe?! A marca d@ consumidor/a), unha iniciativa nacida en Francia na que os consumidores e consumidoras elixen como queren que sexan os alimentos que consumen e remuneran cun prezo xusto aos produtores e produtoras.

Para este acto de presentación, que dirixiu a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, no Centro Sociocultural de Fontiñas (Compostela), contamos coa presenza dun dos fundadores da iniciativa en Francia, Laurent Chammade; coa coordinadora do mesmo no Estado Español, Annaïck Locqueneux; e cun gandeiro francés -vía Skype-, Régis Mainguy, que está a comercializar o leite que produce a través desta marca. No acto participaron medio cento de gandeiros e gandeiras da Galiza e tamén representantes de cooperativas, da Unión de Consumidores de Galicia e do ámbito universitario e da investigación.

Annaïck Locqueneux relatou a xestación desta nova marca que constrúen as propias consumidoras e consumidores. A idea foi de Nicolas Chammade, irman de Laurent, que xa tiña traballado como activista contra o desperdicio alimentario con iniciativas que daban saída a froitas e hortalizas que polo seu tamaño ou pequenos defectos eran rexeitadas dos andeis dos supermercados só por motivos estéticos. “C'est qui le patron?!” xurdiu en plena crise de prezos do sector lácteo, cando un grupo de gandeiros pensou na posibilidade de facer algo semellante co leite. Dende aquela, dous anos despois, a iniciativa superou todas as expectativas. Hoxe en día, 155 granxas comercializan a través desta marca en Francia e xa venderon máis de 107 millóns de litros de leite. Só no primeiro ano venderon 35 millóns de litros.

C’est qui le patron?!, ademais de comercializar leite, vende unha vintena de produtos máis coa mesma filosofía: polo, manteiga, ovos, queixo, fariña, conservas, mel, etc. No Estado Español van comezar, ademais de co leite, con ovos e aceite de oliva.

Prezos base de 39 céntimos coa estabilidade de contratos a tres anos

A secretaria xeral do SLG, **Isabel Vilalba Seivane**, destacou o diálogo necesario produción-consumo: por unha banda, foron as propias consumidoras e consumidores quen votaron como querían que fose ese leite: de orixe francesa, en réxime de pastoreo un mínimo de 3 meses ao ano, sen transxénicos, coas forraxes mercadas nun radio inferior aos 100 quilómetros dende a granxa e cunha remuneración digna que se salda cun prezo de venda ao público de 99 céntimos. Pola súa banda, os gandeiros e gandeiras teñen un prezo base de 39 céntimos por litro, que pode subir por calidades, e a estabilidade a través de contratos con tres anos de duración.

O gandeiro francés invitado, **Régis Mainguy**, confesou que poder vender o seu leite nestas condicións lle virou a vida. Traballaba para Lactalis, chegando a cobrar nos peores momentos prezos de 28 céntimos e nunca pasando dos 32. A súa participación activa nas mobilizacións de 2016 contra a multinacional leiteira e as súas denuncias nun programa de televisión saldáronse con que a industria deixou de recollerlle o leite, de maneira que se incorporou ao proxecto de “C'est qui le patron?!” sen pensalo. Dende aquela, moitas máis granxas se uniron. Mainguy comentounos que, hoxe en día, ao constatarse o éxito a acción, xa hai unha lista de espera de 7.000 granxas só en Francia para incorporarse a esta marca, pero só poderán facelo na medida que se vaia incrementando a demanda da mesma para absorber novas producións.



FAUNA SALVAXE ▸ O 8 de maio unha fronte formada por Aperfasa, Fruga, Sindicato Labrego Galego e Ovica fixemos unha marcha de protesta até Medio Ambiente

Comeza unha campaña en demanda de solucións para os danos da fauna salvaxe

A cobertura do 100% dos danos ou un plan de choque para prever crises sanitarias entre as reivindicacións esixidas

A Asociación de Prexudicados pola Fauna Salvaxe (Aperfasa), Federación Rural Galega (Fruga), Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia (Ovica) e Sindicato Labrego Galego (SLG) convocamos en Compostela varios centos de gandeiros e gandeiras de toda Galiza, o 8 de maio, para reclamar solucións urxentes aos danos provocados pola fauna salvaxe. E fixémolo cunha marcha dende a Consellaría de Medio Rural, en San Caetano, até Medio Ambiente, en San Lázaro, batendo potas e tixolas para facernos escoitar dunha vez por todas.

En ambas consellarías, rexistráronse escritos para facer chegar as reivindicacións de miles de granxas que, en moitas comarcas, están ao borde do peche por non poder seguir aturando as perdas millonarias que especies como o xabarín ou o lobo está a causar cada ano nas granxas.

No remate da manifestación, fronte á sede da Consellaría de Medio Ambiente, o gandeiro Roberto Louzán, de Cotobade (Pontevedra), e a gandeira Clara Basanta Cartea, de Trabada (Lugo), leron un manifesto e deixaron claro que este só era o comezo dunha campaña de mobilizacións que non rematará até que a Xunta atenda as nosas demandas.

SEGUE ▸



A marcha reivindicativa rematou diante da sede da Consellaría de Medio Ambiente, onde se fixo unha concentración (arriba) e se procedeu á lectura dun manifesto coas principais reivindicacións desta campaña que vén de comezar

Unha táboa reivindicativa que pide o control das superpoboacións e a cobertura do 100% dos danos

Nos escritos rexistrados nas consellarías de Medio Rural e Medio Ambiente contemplábanse seis demandas fundamentais para afrontar dende a Administración o problema dos danos da fauna salvaxe:

1. Redución inmediata dos danos e das superpoboacións. A xestión da fauna é competencia exclusiva da administración pública. Esiximos a elaboración urxente de censos e mapas de zonas nas que se rexistren superpoboacións dalgunhas especies e, en consecuencia, se proceda á restauración do equilibrio ecolóxico para que ningunha especie poña en perigo ás outras nin ás actividades agrícolas e gandeiras. É imprescindible a posta en marcha dun plan de xestión, con medidas urxentes e outras a medio prazo, e coa participación dos colectivos interesados.

A agricultura e gandería deben ser consideradas actividades esenciais para a conservación do medio natural, a biodiversidade e a loita contra os incendios forestais. Os danos da fauna silvestre están a afectar en gran medida aos modelos agrícolas máis sostibles a nivel ecolóxico, como a gandería extensiva, e mesmo a razas de gando en perigo de extinción.

Para determinar un censo que se considere equilibrado debe considerarse non só a superficie forestal, como acontece na actualidade, senón as necesidades de alimento desas poboacións, que non poden recaer de xeito principal nos cultivos e animais das granxas.

Neste momento debe atenderse á situación excepcional da superpoboación, coas consideración de praga, do xabarín, en toda a comunidade. Debe implantarse tamén un programa de incentivos e penalizacións dos tecores. A xente afectada, se non hai actuación dos tecores, terá dereito a esixir medidas preventivas para evitar que se sigan a producir danos.

2. Asunción da responsabilidade civil da Xunta sobre o 100% dos danos. A xestión da fauna silvestre é unha competencia da administración pública e o seu mantemento debe ser asumido polo conxunto da sociedade, recoñecendo a responsabilidade civil subsidiaria e remunerando a totalidade dos danos ocasionados polas distintas especies da fauna silvestre (xabarín, lobo, corzo, corvos…). Neste sentido, cubriranse as perdas tanto directas como indirectas a valor de mercado.

Esiximos que no menor prazo posible se cree o fondo de corresponsabilidade previsto na actual Lei de Caza co fin de sufragar o 100% dos danos. Os pagos deben ser inmediatos e cubrir a totalidade dos gastos ou custos de reposición.

3. Eliminación de zonas abandonadas próximas a cultivos que sirvan de refuxio para a fauna. Isto debería incluír a paralización das forestacións ilegais de terras agrarias e a reposición da legalidade alí onde esta fose vulnerada.

4. Programa de sanidade animal. Deberá estar suficientemente dotado economicamente e orientado á prevención e tratatamento das enfermidades transmitidas pola fauna silvestre para garantir que non se produzan contaxios á cabana gandeira (tuberculose, brucelose, peste porcina africana, triquinose, sarna, etc).

5. Financiamento do 100% das medidas de protección e prevención, tales como mallas electrificadas, adquisición e cobertura de custes na tenza de cans gardiáns, etc.

6. Programa de alimentación da fauna silvestre a cargo da Xunta. Posta en marcha e financiamento público dun programa para a plantación en terreos forestais de suficientes árbores con froito ou cultivos destinados á alimentación da fauna silvestre. Compensacións económicas para as persoas propietarias que planten árbores con esta función e teñan unha rendibilidade menor con respecto a especies de crecemento rápido, así como o estudo para poñer en marcha medidas como a creación de muladares para depositar cadáveres animais de cara a alimentar a fauna.

FIN ■



APICULTURA ▸ Concentración diante da delegación da Xunta en Ourense para denunciar a expansión da praga

Protestas para sacar á Xunta da súa parálise na xestión da crise pola avespa velutina

O pasado 4 de abril, a Asociación Galega de Apicultura (AGA) organizou unha concentración de protesta diante da delegación territorial da Xunta en Ourense. Esta nova chamada de atención, que foi apoiada polo Sindicato Labrego Galego coa participación do noso coordinador na comarca da Limia, Anxo Pérez Rúa, fíxose porque "*a provincia de Ourense é un dos últimos territorios colonizados polo tártago asiático en Galiza, onde se prevé un avance importante para este ano. Sendo esta provincia a de maior número de profesionais do sector apícola e unha das que maior número de colmeas ten na nosa comunidade, o dano económico será moi grave, ademais do ambiental e social*".

Fronte á pasividade da Xunta e, nomeadamente, de Medio Ambiente e Medio Rural, dende AGA insisten na necesidade de realizar accións en diversos ámbitos para minimizar o máximo posible o impacto da velutina:

- **Investigación:** Cómpre a creación dunha liña de financiamento específica na loita contra a avespa velutina que inclúa ferramentas de aplicación práctica como o trampeo e as arpas eléctricas.
- **Comunicación:** Facer canles que permitan mellorar a comunicación entre os diferentes axentes implicados e crear unha comisión de seguimento.
- **Coordinación:** Establecer protocolos de actuación unificados, tanto na prevención como na retirada de niños.
- **Orzamento:** Debe ser claro e transparente, no que se especifique a cantidade que se está investindo e en que conceptos.
- **Axudas ao sector apícola:** Para financiar sistemas de protección das colmeas, como as arpas eléctricas.

XORNADA DO SECTOR HORTÍCOLA EN LOURENZÁ ▸ O 29 de marzo, o Sindicato Labrego Galego organizou unha xornada no Pazo de Tovar (Lourenzá) baixo o título "*Retos e oportunidades para a produción de horta na Mariña*", á que asistiron unha trintena de afiliados e afiliadas e na que contamos con representantes de distribuidoras, da Xunta, consultorías técnicas e, como non podía ser doutro xeito, de labregos e labregas.

A horta galega: Calidade, seguridade alimentaria e apandar prezos baixos

Tras escoitar e debater co elenco de expertos cos que compartimos a xornada de horta en Lourenzá, o titular deste texto pode considerarse un denominador común que bosquexa a realidade do sector hortícola na nosa terra: as esixencias de calidade e seguridade alimentaria que se lles pide a produtores e produtoras son cada vez máis estritas e sen cumprilas é dificil entrar nos principais mercados; pero, ao mesmo tempo, os prezos continúan estancados en niveis moi afastados do que pagan consumidores e consumidoras polas hortalizas. Se non optas por alternativas como a venda directa, esa é a realidade da horta galega.



De esquerda a dereita, J. M. Álvarez, Rafael Peláez, Vítor Álvarez e Isabel Vilalba

✓ Vítor Álvarez, técnico da Consellaría de Medio Rural

De esixencias sanitarias, precisamente, falounos polo miúdo Vítor Álvarez, que debullou o **Real Decreto 1311 sobre uso sostible dos produtos fitosanitarios**, que "*tenta buscar un equilibrio entre a dispoñibilidade de praguicidas e o aumento da protección da saúde humana*".

Hoxe en día, a norma obriga a obter o carné para aplicar fitosanitarios, un básico para quen non teña persoal asalariado, e outro cualificado para quen si teña. Tamén se está a esixir a contratación de persoal asesor en tendas que vendan agroquímicos, empresas de tratamentos e tamén nas propias explotacións segundo a súa superficie: a partir de 5 ha en pataca e viñedo; de máis de 2 ha en horta, flor e mazá; de 1 ha en viveiros; e máis de media ha en invernadoiro. Respecto disto, Álvarez criticou que o millo forraxeiro e as praderías estean exentos desta obriga.

Outra das claves nas que incidiu foi na importancia da **trazabilidade**, coa obriga das tendas de fitosanitarios de levar un rexistro de transaccións e nas fincas dun caderno de explotación. "*Hai pouco, detectáronse en Lugo plantas de lavanda que hospedaban* Xylella fastidiosa*. Sen trazabilidade, non poderiamos saber onde foron esas plantas nin de onde viñeron. Por iso, a trazabilidade é importantísima. O sector vea moitas veces coma un control, pero benefícianos a todos*".

Antes de rematar, Álvarez lembrou a importancia de ter o **caderno de explotación** ao día, pois "*cando facemos unha inspección é o primeiro que pedimos, e moitos dos que vemos deixan moito que desexar*".

✓ José María Álvarez, Lego Fruit Agro SL

José María Álvarez falou en nome de Lego Fruit Agro SL, unha plataforma distribuidora de froitas e verduras de Ourense para a que traballan 184 labregos e labregas en exclusiva, cun funcionamento moi semellante ao cooperativo. "*Traballamos por toda Galiza, principalmente produtos galegos. Aínda que distribuímos principalmente na comunidade, tamén exportamos a Barcelona, Madrid ou Bilbao produtos galegos*".

Para Álvarez, unha das máximas preocupacións de Lego Fruit é a **seguridade alimentaria**. "*O maior problema que podemos ter é unha incidencia ou intoxicación. Pode supor o peche da empresa. Temos un enxeñeiro agrónomo en nómina e para nós é prioritaria a análise de cultivos e de terras. Trátase dunha esixencia do mercado, que mesmo obriga a ter certificacións como a Global GAP*".

En canto ás claves para gañar competitividade, José María Álvarez sinalou varias. Unha é a **especialización**. Para obter produtos de calidade, "*cómpre especializarse nuns poucos cultivos, só os necesarios para ter unha boa rotación para non favorecer resistencias de enfermidades e para poder diminuír o máximo o uso de fitosanitarios*".

Tamén é determinante para a competitividade a **base territorial**, con fincas o máis grandes que favorezan a especialización. "*Cando falamos coa empresa Florette dixéronnos que unha finca de menos de 60 hectáreas non lles é rendible, e puxéronnos exemplos como o dunha que traballa para eles en Murcia de 783 hectáreas*".

✓ Rafael Peláez, consultor técnico de horta

Este asesor de orixe asturiana identificou varios factores nos que cómpre mellorar no sector hortícola galego:

▸ **Base territorial.** Grande obstáculo na Galiza. "*No cultivo de Faba de Lourenzá, por exemplo, estamos a falar dunha superficie media por parcela que non chega aos 4.000 m^2. A escasa base territorial aumenta custes e fai o traballo menos eficiente*".

▸ **Infraestruturas públicas para poder regar. "***Non se pode pensar no futuro da produción hortícola sen sistemas de rega. Son imprescindibles, mesmo para o cultivo de fabas*".

▸ **Formación do persoal asalariado. "***Cada vez é máis necesario contratar man de obra allea á explotación. Obviamente, hai que darlles unhas condicións laborais dignas, pero tamén é importante que esixamos que estean debidamente formados para realizar o seu labor, e aí a Administración é responsábel da oferta formativa que se lles pode dar*".

Reafirmando o titular co que abríamos esta reportaxe, Peláez afirmou que "*todo isto é necesario para afrontar as demandas da sociedade que, fundamentalmente, son dúas por moito que nos pese: producir a prezos baixos e con calidade*".

SEGUE ▸





Vender grandes volumes de hortalizas perecedoiras condiciona a comercialización

Na sesión da tarde, tivemos un interesante diálogo con **Xulio Rodríguez**, produtor de horta de Mondoñedo a quen xa entrevistamos no Fouce (ver nº 320), e onde falamos polo miúdo da SAT Labregos de Lugo. Da xornada de Lourenzá, rescatamos as súas reflexións ao redor da **comercialización**: "*Para min, os prezos de mercado son baixos. Pero tamén, como presidente da SAT Labregos de Lugo ou en conversas con Horsal a través da cal tamén distribuímos, sei que os prezos son os que son e que, por desgracia, non van subir*".

Con estes vimbios, é fundamental unha boa **planificación** se queremos que as producións teñan saída comercial. "*Con todo o custe e esforzo que ten levar unha explotación de horta, non entendo que non se faga unha produción planificada. En Labregos de Lugo temos claro que ese é o camiño: non darlle tanta importancia ao prezo final como á garantía de que o que plantas vai ser comercializado e vai venderse a un prezo estable. Cando produces hortalizas perecedoiras como tomates ou leitugas, case non tes marxe para fallar na comercialización. Tes que vender si ou si*".

Optar por hortalizas menos perecedoiras non é solución. "*Temos tentado especializarnos en produtos como a pataca, metendo moitos cartos e esforzo, e foi un fracaso. Comercializamos un produto moi ben presentado pero o mercado estaba saturado e os prezos tirados. Daquela decidimos centrarnos nos produtos perecedoiros. Certo que, unha vez que os recolectas, hai que vendelos; pero, por ese mesmo motivo, non poden vir importados de países moi afastados e hai que producilos aquí, cousa que non acontece coa pataca ou a faba*".

En canto á posibilidade da **venda directa**, Xulio dixo que as súas posibilidades son moi limitadas en zonas rurais. "*Eu non estou de acordo co sistema, pero co volume que manexamos e co que precisamos vender para vivir é imposible que as hortalizas que se producen nesta comarca se poidan vender todas aquí. Vivimos nunha zona rural cunha poboación cativa e aquí non damos vendido. Ademais, case todo o mundo ten horta e, no verán non é que o prezo da leituga caia, é que directamente non a vendes*". E, ademais, aínda que non nos guste, "*a maioría da poboación merca os seus alimentos en supermercados, tamén no rural*".

⌄ Fernando Veiga, xerente de Horsal

Na xornada de Lourenzá tamén participou Fernando Veiga, xerente de Horsal, a maior cooperativa que se dedica á comercialización de hortalizas na Galiza. Fundada en 1986 no Salnés, hoxe forman parte dela 84 produtores e produtoras, entre quen se inclúe a SAT Labregos de Lugo, que suman 18 hectáreas de invernadoiro e 68 hectáreas ao aire libre en 253 parcelas. A facturación de Horsal en 2018 foi de 3.247.000 €.

Respecto dos **prezos**, en Horsal cúmprese o que falaron os expertos da mañá: calidade a prezos baixos. "*Os prezos que temos pareceranvos un crime, pero son os mellores que conseguimos negociar: Leituga riza 0'24, leituga lisa ou roxa 0'26, 1'86 o pemento de Padrón, 0'61 a cebola chata, 0'30 o repolo liso, 0'35 o repolo picudo, 0'50 o tomate de primeira, 1'03 o tomate de sabor e 1'50 a xudía*".

O 80% da produción de Horsal está concentrada en 4 grandes cadeas de distribución e tamén venden en catro mercados centrais: MercaMadrid, MercaBarna, MercaValladolid e MercaZaragoza. Ademais, comercializan a través dunha cadea de froitarías de Cataluña e exportan un 1% da produción a Reino Unido e Alemaña.

Para Horsal son fundamentais aspectos como a **planificación**. "*En outubro, tódolos produtores entregan a súa declaración de cultivos por semanas e parcelas do ano seguinte. Temos tres técnicos que xuntan toda esa información e reorganizan a planificación segundo as previsións de ventas que haxa*".

O outro piar de Horsal sería a **seguridade alimentaria**. "*Non se poden dar tratamentos fitosanitarios sen prescrición do departamento técnico e o caderno de campo compróbase todos os meses. Cando un está nunha asociación de produtores, o problema non é do individuo, é do conxunto da organización, que pode perder a certificación de calidade -no noso caso, a Global GAP, que nos custou sangue, suor e bágoas conseguila-, perder clientes, etc. Gastamos tódolos anos máis de 20.000 € en analíticas*".

Respecto a alternativas como a **venda directa**, Veiga admitiu que "*temos socios que preferirían vender a través doutro tipo de circuítos máis sostibles. Pero, se pensamos no práctico, a inmensa maioría dos consumidores e consumidoras tenden a mercar en supermercados, gústenos ou non. Como sociedade, actuamos así. Podemos pelexar contra iso, declarar que non nos gusta e optar por vías alternativas; ou tentar adaptarnos ao sistema da maneira máis eficiente posible. E aí é onde estamos. É unha postura demasiado pragmática, certo, pero é a que nos achega agora un maior nivel de estabilidade, seguridade e renda dentro dos parámetros nos que nos movemos. Como organización, debémonos á base social, aos produtores e produtoras de Horsal, e esa é a razón de ser da cooperativa: garantir un nivel de vida digno e sostíbel para os socios e socias*". **FIN ■**

MONTES ▸ En caso de non ter feito os traballos, a Administración poderá asumilos, pero repercutindo o custe na persoa propietaria e podendo aplicar a sanción correspondente

O 31 de maio remata o prazo para os traballos nas faixas de protección contra os lumes

A Lei de Incendios exclúe destas obrigas froiteiras e as frondosas caducifolias, e imponas con eucaliptos, piñeiros e acacias

Coa industrialización da agricultura e a gandería, a introdución dos plantíos forestais e o urbanismo descontrolado, desapareceu a estrutura do rural adaptada a cada zona e necesidade.

Nos últimos tempos, o monte foise ás casas, as casas botáronse ao monte, as plantacións colonizaron terras de labor e temos actividades industriais nas aldeas.

Perdeuse a estrutura de mosaico típica de Galiza e carecemos de ordenación do territorio dende hai décadas.

Por iso, é necesario lexislar os usos e actividades que se poden desenvolver nos distintos tipos de terreos. O problema é que a normativa sempre vai ser xenérica e daranse moitos casos nos que non se adapte ás circunstancias específicas de cada lugar.

De non facer nada á política do medo

No ámbito da protección contra os incendios forestais, despois de máis de dez anos de lexislación, non só non se atallou a problemática, senón que se mirou cara a outro lado dende a Administración. Até que, despois dos lumes do 2017, comezaron coa política do medo. Debido ás múltiples interpretacións da Lei 3/2007, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia no relativo ás faixas de xestión, a que non existían directrices claras por parte da Consellería de Medio Rural e á presión feita sobre propietarias/os e administracións locais, executáronse cortas masivas de arborado que non se debían ter producido. O que ten como consecuencia a perda de biodiversidade, paisaxe, patrimonio e protección dos núcleos rurais.

As faixas de prevención do lume

Xa que, tanto a Lei de Incendios como a Lei 7/2012 de Montes de Galicia, sufriron modificacións constantes dende a súa publicación, tentaremos facer un resumo actualizado das faixas de xestión para a prevención de incendios e das distancias que deben gardar as masas forestais.

Nas faixas de xestión hai que xestionar a matogueira, sobre todo coa roza de especies como carqueixa, xestas e piornos, fietos ou fentos, uces, silvas e toxo. Non pode haber arborado de piñeiro do país (*Pinus pinaster*), piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*), piñeiro insigne (*Pinus radiata*), eucaliptos (*Eucalyptus spp*) e acacias ou mimosas (*Acacia dealbata, Acacia melanoxylum*).

As faixas primarias fan referencia ás redes de transporte e enerxía, as faixas secundarias son relativas a zonas urbanas e de núcleo rural e as faixas terciarias marcan as franxas en zonas de uso público.

Estes labores deben estar feitos antes do 31 de maio de cada ano. De non ter realizados os traballos e non atender os requirimentos da administración, esta poderá executar os traballos repercutindo o custo ás persoas responsables, ademais de impoñer a sanción correspondente.

En todo caso, cabe destacar que se trata de facer a xestión do mato para evitar o avance dos lumes (o monte non é un xardín) e que non hai que actuar sobre froiteiras. Quedan excluídas tamén as frondosas caducifolias. As especies arbóreas afectadas son piñeiros, eucaliptos e acacias. Aínda así, poderanse conservar árbores das especies sinaladas cando sexan árbores senlleiras, que cumpran unha función ornamental, que estean en zonas recreativas ou, no caso de ser árbores illadas, que non supoñan risco de incendio. Sempre deberán cumprir que haxa descotinuidade horizontal e vertical, o que se consegue con masas rareadas e podadas. **SEGUE** ▸

TIPO DE FAIXA	XESTIÓN DO MATO	AUSENCIA ARBORADO
FAIXAS PRIMARIAS		
Autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas, estradas e rede ferroviaria	Zona dominio público	Zona dominio público
Liñas eléctricas (dende a proxección do fío máis externo), subestacións e estacións de telecomunicacións	5 metros	5 metros
Aeroxeneradores eólicos	200 metros	-----
Dende o eixo das condución de transporte de gas natural	1,5 metros	-----
FAIXAS SECUNDARIAS		
Solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, edificacións , urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais. Situadas a menos de 400 m. do monte	50 metros	50 metros
Vivendas illadas, cámpings, gasolineiras e industrias de actividades perigosas	50 metros	50 metros
FAIXAS TERCIARIAS		
Infraestruturas de uso público e áreas recreativas ou zonas forestais de alto valor	50 metros	-----
Dende a beira de vías e camiños forestais (mato e estrato arbustivo)	50 metros	-----

TERREO LINDANTE	ESPECIES ANEXO I	RESTO DE ESPECIES
Con parcelas forestais	5 metros	5 metros
Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros	10 metros
Con zonas dedicadas labranza, cultivo e prados non clasificados de especial protección agropecuaria	4 metros	10 metros
Dende o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou ferrocarril	2 metros	10 metros
Beira de pistas, asfaltadas ou non, polo menos de 5 m. de ancho que conten polo menos cunha gabia*2	2 metros	4 metros
Dende a proxección do condutor máis externo, coa súa desviación máxima producida polo vento según a normativa aplicable, da infraestrutura eléctrica	5 metros	5 metros
Con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho*3	5 metros	15 metros
Con edificacións, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais a menos de 400 m. do monte ou fóra de solo urbano e núcleo rural e con vivendas illadas en solo rústico independentemente da súa distancia ao monte*4	15 metros	50 metros
Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable*4	2 metros	50 metros
Con cámpings, gasolineiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas segundo a Lei de Protección Ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento	15 metros	50 metros

As prohibicións que regula a Lei de Montes nas masas forestais

Por outra banda, a Lei de Montes marca unha serie de limitacións para as masas forestais que son de obrigado cumprimento e que tamén poden ser obxecto de sanción.

- Quedan prohibidas as reposicións forestais en solo urbano, de núcleo rural, no solo urbanizable delimitado e no rústico de especial protección agropecuaria.
- Queda prohibida a sementeira ou plantación, mesmo de pés illados, de exemplares de acacias e mimosas nos terreos agrícolas e forestais e nas zonas de influencia forestal (400 m. arredor de terreos forestais excluíndo solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado).
- Quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións de eucaliptos naquelas superficies poboadas por especies do anexo I *1, mesmo con posterioridade ao seu aproveitamento ou afectación por un incendio forestal. Esta prohibición non será aplicable nos casos de que as especies do anexo I xurdan no sotobosque despois da plantación ou rexenerado de eucalipto.

En masas consolidadas de frondosas, a prohibición anterior esténdese igualmente ás reforestacións e novas plantacións con piñeiros.

- As novas plantacións de eucaliptos superiores a 5 hectáreas precisan de autorización. Non é aplicable ás reforestacións ou rexenerados de masas xa existentes, nin a aquelas incluídas nun instrumento de xestión forestal aprobado.

Todas as masas forestais, novas ou xa existentes, deben gardar as distancias establecidas.

Non se ven afectadas por estas distancias as árbores ou masas para a produción de froito, aínda que sexan de porte forestal como as nogueiras ou castiñeiros. En todo caso, deberán cumprir o establecido noutras normativas como o código civil.

Nas superficies arboradas que linden con terreos onde se produza un cambio de actividade de forestal a agrícola, non serán aplicables as distancias establecidas na lei de montes ata o momento da reforestación tras o aproveitamento da masa. **FIN** ■



***1** Especies do anexo I: piñeiro silvestre, teixo, ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, freixa, castiñeiro, cerdeira, carballo, cerquiño ou rebolo, sobreira, carballo albar, aciñeira, abeleira, faia, umeiro, loureiro, sorbeira, capudre, nogueira e érbedo.
***2** 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco de incendios.
***3** Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental.
***4** Entendemos que ás edificacións situadas a menos de 400 metros do monte, aínda que se sitúen dentro do solo de núcleo rural, aplícaselles a distancia de 15 metros para especies do anexo I.

MINARÍA ▸ Varios colectivos presentamos un contencioso contra a instrución de Minas que nega acceso a información

Acumúlanselle os procesos xudiciais ao director xeral de Minas, Bernardo Tahoces

Ademais, o valedor da patronal mineira na Xunta terá que declarar diante do xuíz pola reapertura irregular da Mina San Finx

O 17 de abril, os medios de comunicación sacaban á luz a nova de que o actual director xeral de Enerxía e Minas, Bernardo Tahoces, tiña que declarar como imputado diante da Fiscalía de Medio Ambiente o 2 de maio por presunta prevaricación ambiental. Ao final, o xulgado de instrución nº 2 de Noia aprazou a declaración de Tahoces, xa que o avogado da Xunta solicitou máis tempo para estudar o caso. Sen sabermos aínda a data definitiva, Tahoces será chamado a declarar por cometer presuntas irregularidades na reapertura da Mina de San Finx (Lousame), tales como a inexistencia de declaración de impacto ambiental, tralas denuncias da organización ecoloxista Verdegaia.

Outra fronte que se lle abre ao director xeral de Minas é o recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza presentado por un grupo de colectivos e organizacións, entre os que se atopa o Sindicato Labrego Galego, por obstaculizar o acceso a información ambiental relacionada con expedientes mineiros. Esta denuncia está dirixida, en concreto, contra a Instrución 6/2018, do 3 de agosto, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que esta realiza unha interpretación restritiva do que constitúe información ambiental para negar o acceso da cidadanía a documentos esenciais para fiscalizar o impacto medioambiental dos proxectos mineiros. Xunto ao SLG, presentaron este contencioso administrativo asociacións e colectivos como Petón de Lobo, Coluna Sanfins, O Iribio ou Verdegaia, co apoio de ContraMINAcción.

Así as cousas, acumúlanselle as frontes xudiciais abertas a Bernardo Tahoces. Ademais, a Comisión de Asociacións contra as Minas da Terra Chá, da que tamén forma parte o SLG, pediu a súa dimisión. Esta plataforma de colectivos chairegos xa ten sufrido os atrancos no acceso á información dos expedientes de Erimsa ou a reiterada negativa a contestar as solicitudes de información de calquera tipo.

En caso de que non dimita, a Comisión contra as Minas na Terra Chá estende a solicitude ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, para que sexa este quen o destitúa en caso de que o director xeral se negue a deixar o cargo.



DECLARACIÓN DE DEREITOS LABREGOS ▸ O 31 de marzo, o Sindicato Labrego celebrou unha lectura pública da *Declaración dos dereitos dos labregos e das labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais* nun espazo de grande valor simbólico para o saber na Galiza como é o Salón Nobre do Pazo de Fonseca, onde se atopa a sede do reitorado da Universidade de Compostela, fundada en 1495. Neste escenario único, o SLG e, por extensión, La Vía Campesina, convocamos un amplo elenco de persoas e colectivos da Galiza que, dunha maneira ou outra, loitan pola terra e polos dereitos humanos dende diversos ámbitos: política, sindicalismo, ecoloxía, feminismo, universidade, asociacionismo de base, colectivos sociais, etc.

Dereitos Labregos: Os movementos sociais unidos nunha gran loita común

Encargáronse de inaugurar a cerimonia a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, que tamén conduciría o acto; e unha invitada de honra: Marina dos Santos, responsábel da Fronte de Masas do Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST). A activista brasileira, ademais de reflexionar sobre a importancia desta Declaración de Dereitos Labregos nas loitas campesiñas, homenaxeou a activista asasinada Marielle Franco, agasallándonos cunha placa de rúa co seu nome, e compartindo a fonda emoción d@s Sem Terra ao redor do 17 de abril, Día da Loita Labrega.

De seguido, unha a unha foron pasando as persoas que deron lectura ao articulado da Declaración de Dereitos Labregos. Comezaron a propia secretaria xeral do SLG e afiliados e afiliadas históric@s da nosa organización como Cándido Iglesias, Lidia Senra ou Xoán Carlos Carreira; sindicalistas como Xosé Ramón Cendán ou Margarida Prieto; e tamén representantes dos diversos sectores agrarios e gandeiros da nosa organización sindical ou a mocidade, as persoas maiores ou a Secretaría das Mulleres.

Pero o máis importante foi abrir esta lectura a toda a sociedade galega, participando xunto a nós representantes da Marcha Mundial das Mulleres, Verdegaia, Irmandade Moncho Valcarce, Foro Galego de Inmigración, Nova Escola Galega, ATTAC, Irmandade Xurídica Galega, Confederación Intersindical Galega (CIG), Centra Unitaria de Traballadores e Traballadoras (CUT), En Marea, Bloque Nacionalista Galego (BNG), Organización Galega de Comunidade de Montes, Comisión de Seguimento dos Proxectos de Minaría de Erimsa en Mesía, Plataforma en Defensa de Corcoesto e Bergantiños, Comisión contra as Minas na Terra Chá, Amig@s da Terra, Rede Galega de Sementes, Asociación Galega de Apicultura, Plataforma Auga Limpa Xa, Plataforma Mina Touro O Pino Non, Plataforma en Defensa das Pensións Públicas, Comisións Obreiras, STOP Desafiuzamentos, Grupo de Agroecoloxía da Universidade de Vigo e Asociación Cultural Xermolos.



Aínda que non participaron na lectura, estiveron presentes a Asociación de Pequen@s Empresari@s (APE), Anova, Mulime, Proxecto Batefogo e Véspera de Nada. Non puideron asistir e desculparon a súa ausencia Enxeñeir@s sen Fronteiras e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega).

Unha ferramenta legal para defender a terra da depredación

Para o Sindicato Labrego Galego era unha tarefa importante dar a coñecer ás institucións e movementos sociais da Galiza esta Carta de Dereitos Labregos, xa que supón a primeira conquista global do campesiñado e foi o resultado dun duro traballo de case dúas décadas liderado por La Vía Campesina.

Máis alá do seu enorme valor simbólico, esta Declaración de Dereitos Labregos pode ser unha ferramenta extraordinaria para pedir contas e esixir cambios nas políticas dos gobernos de todos aqueles países que son membros da Organización das Nacións Unidas (ONU) en todas aquelas loitas nas que se vulneren os dereitos do campesiñado agora recoñecidos. Pola experiencia que temos na Galiza, os dereitos dos labregos e das labregas son tripados permanentemente en conflitos que, decotío, superan o eido estritamente agrario e se fan transversais para afectar a toda sociedade galega no seu conxunto. Son loitas nas que levamos moitos anos tecendo redes e traballando man a man con moitos dos colectivos e organizacións que nos acompañaron o 31 de marzo na lectura pública da Declaración dos Dereitos Labregos e, polo tanto, agardamos que, a partir de agora, nos poida servir como ferramenta de uso común e compartido para enfrontar estas agresións.

VÍA CAMPESINA ▸ A elección fíxose no transcurso da asemblea xeral da ECVC en Bruxelas o 26 de marzo

Sonia Vidal escollida para o Comité da Coordinadora Europea da Vía Campesina

A gandeira de Xunqueira de Ambía centrará o seu traballo no avance en cuestións de xénero e igualdade

Sonia Vidal Lamas, gandeira de Xunqueira de Ambía (Ourense) que forma parte da Executiva do Sindicato Labrego Galego, foi escollida para formar parte do Comité Coordinador da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC).

A elección tivo lugar na asemblea xeral da ECVC, que se desenvolveu o 25 e 26 de marzo en Bruxelas, e na que participaron 27 organizacións agrarias de 17 países europeos que forman parte da Vía Campesina no vello continente. Sonia Vidal ocupará esta responsabilidade durante dous anos, sendo prorrogables até en tres ocasións e podendo sumar un máximo de oito anos no desempeño das súas funcións.

Dende o SLG presentamos a candidatura de Sonia Vidal porque vimos a necesidade de afondar en temas como a igualdade de xénero, tanto dentro das organizacións que forman parte da ECVC, como no propio agro. Neste senso, Sonia Vidal contará coa experiencia de décadas desenvolta pola Secretaría das Mulleres do SLG en loitas como a titularidade compartida nas explotacións ou en feitos como a paridade dentro do propio sindicato, co obxectivo de facer do feminismo e da igualdade algo transversal nas organizacións da Coordinadora Europea da Vía Campesina.

A maiores, Sonia afronta esta nova etapa con temas en axenda como a reforma da PAC, a agroecoloxía, o acceso á terra, as políticas públicas no rural, etc.



A Asemblea Xeral da ECVC estivo precedida dunha asemblea de mulleres (na imaxe) e outra na que a protagonista foi a mocidade da Vía Campesina en Europa

Xunto a Sonia, foi escollida tamén para renovar o Comité Coordinador da ECVC Alessandra Turco, da Assoziacione Rurale Italiana (ARI), e reelixido Xosé Miguel Pacheco, da Confederação Nacional de Agricultura (CNA) de Portugal. Ademais, a organización belga Borenforum pasou a ser membro de pleno dereito da ECVC, e a Asemblea Xeral admitiu tres novas organizacións candidatas: HSEP (Croacia), LIFE (Croacia) e Talahm Beo (Irlanda).

MST ▸ A responsábel da Frente de Masas do MST estivo na nosa terra colaborando con iniciativas de loita pola terra

A Sem Terra Marina dos Santos visita Galiza acollida polo Sindicato Labrego Galego

A responsábel da Fronte de Masas do Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST), Marina dos Santos, estivo na Galiza do 29 de marzo ao 4 de abril. Nese período de tempo, participou en numerosas actividades. A primeira delas foi amadriñar a lectura pública da Declaración de Dereitos Labregos en Compostela. Neste acto, ademais de argumentar a importancia do texto aprobado pola ONU, afondou nas raíces do 17 de abril como Día Mundial da Loita Labrega e agasallounos cunha placa en memoria de Marielle Franco, a activista brasileira que foi asasinada por defender os dereitos das mulleres negras das favelas. Ademais, Marina dos Santos visitou Touro acompañada por persoas afectadas pola minaría de cobre na zona, compartindo a súa experiencia de loita contra as empresas mineiras no Brasil; e participou nun encontro con traballadores e traballadoras e cargos do SLG nun intercambio de información e ideas entre dúas organizacións agrarias irmás que forman parte de La Vía Campesina.



Marina dos Santos amadriñou o acto de lectura pública da Declaración de Dereitos Labregos que tivo lugar no Pazo de Fonseca, en Compostela, o 31 de marzo

Neste senso, o Sindicato Labrego Galego tamén participou no Encontro Europeo de Comités de Amig@s do MST que se celebrou en París os días 19 e 20 de abril coa presenza de Brais Álvarez, coordinador do SLG en Meira e dinamizador de sectores como o de Vacún de Carne ou Mocidade.

FORMACIÓN ▸ A Mocidade do SLG inaugura un novo xeito de tecer redes e fomentar o intercambio de saberes labregos cun programa de visitas regulares a explotacións

Xornadas de granxas abertas para coñecer o miolo da agroecoloxía galega

A primeira viaxe chegou a terras de Betanzos e Eume para coñecer Granxas de Lousada (Irixoa) e viveiro O Pomariño (A Capela)



O grupo de Mocidade do Sindicato Labrego Galego inaugurou, o 4 de abril, as chamadas xornadas de granxas abertas cunha visita a Granxas de Lousada, no concello de Irixoa, e ao viveiro O Pomariño, na Capela.

As xornadas de granxas abertas nacen con vocación de intercambio de saberes entre produtores e produtoras agroecolóxic@s da Galiza, pero sen ter que responder ás esixencias e obrigas burocráticas que require a organización doutro tipo de eventos formativos como foros, charlas, relatorios, etc.

Cunha periodicidade mensual, a intención é vivir ese intercambio de saberes e oficio a pé de granxa, falando directamente cos labregos e coas labregas, pisando as cortes e as leiras e coñecendo de primeira man e de viva voz das súas protagonistas as experiencias produtivas en tódalas súas fases, dende a sementeira ao mercado.

A primeira destas xornadas de granxas abertas realizouse nas comarcas de Betanzos e do Eume, onde se visitaron os proxectos de **Granxas de Lousada (Irixoa)** e Viveiro o Pomariño (A Capela). Do primeiro xa falamos no Fouce 308, onde publicamos unha reportaxe de Campo Galego titulada *Granxas de Lousada: Diversificación en ecolóxico*; e tamén escoitamos a un dos protagonitas deste proxecto, Sergio Boado, no I Foro Labrego de Agroecoloxía (Fouce 314, páxina 7). Nesta ocasión, puidemos coñecer sobre o terreo este proxecto de Sergio e Dolores Porto que inclúe, en gandería, vacún de carne, porcino e avicultura, ademais de horta e cereais.

En canto ao **Viveiro O Pomariño**, no concello da Capela, trátase dunha empresa pioneira na Galiza -o seu dono, Ramiro Martínez, foi o primeiro en darse de alta como viveirista de froiteiras na Xunta nos anos noventa- ao apostar pola recuperación e reprodución de variedades tradicionais de froiteiras para comercializalas. Os principais atrancos á hora de levar adiante esta empresa tiveron que ver coa burocracia -Ramiro foi a primeira persoa en inscribirse no rexistro de viveiristas de froiteiras na Galiza e foille imposible facelo na delegación da Xunta na Coruña- e o acceso a unha base territorial suficiente para desenvolver a actividade.

Dende o punto de vista comercial, O Pomariño ocupou un nicho de mercado que ninguén ocupara. O principal motivo disto é que ás grandes empresas do sector interésalles reproducir miles de plantas dunhas



poucas especies rendibles comercialmente, mentres que no Pomariño, só en maceiras, reproducen cada ano ao redor dunhas oitenta variedades autóctonas con poucas unidades de cada unha.

✓ As segundas xornadas, na Ribeira Sacra

Ao peche deste Fouce, estaban a piques de celebrarse as segundas xornadas de granxas abertas, previstas para o 14 de maio, e das que daremos conta no seguinte número. Nesta ocasión, estaban previstas visitas a **Casa do Neiro** (ver Fouce 322, páxinas 8 e 9), á adega **Diego de Lemos** (ver entrevista a Esther Teijeiro na contraportada) é á cooperativa **Tres Fuciños**, especializada na cría de porco celta e de raza galega.

APODERAMENTO ▸ A Asociación As Berenguelas naceu en outubro de 2016 na procura de espazos para os dereitos das mulleres do rural de Culleredo (A Coruña). Hoxe en día son 112 socias de parroquias como Sésamo, Sueiro, Ledoño, Veiga e Celas. "*Decidimos organizarnos en asociación para defender as nosas liberdades e dereitos como persoas, atendendo especialmente as nosas especificidades como mulleres; para promover a nosa integración total nos ámbitos social, laboral, cultural e político, sempre procurando a mellora xeral das nosas condicións de vida e a igualdade de oportunidades*".

As Berenguelas e o apoderamento das mulleres do rural en Culleredo


Mulleres participando na actividade "As veciñas opinan do Xalo", que propiciou un rico diálogo interxeracional en Celas

"*O noso obxectivo principal é traballar pola consecución da igualdade real entre homes e mulleres no eido laboral, social e educativo, denunciando calquera discriminación que se produza en relación cos dereitos e intereses das mulleres*"

Con estas premisas, As Berenguelas están a desenvolver un intenso traballo dinamizador no rural culleredense, participando na organización de actividades como "*festas, concursos, gastronomía e calquera tipo de evento que nos axude a coñecernos e relacionarnos entre nós, facendo noso ese dito tan galego «Mentres canto non choro, nin falo mal de ninguén»*".

Máis alá de traballar activamente pola convivencia, esta asociación de mulleres ten tamén unha forte compoñente reivindicativa, con obxectivos na súa axenda como "*solicitar da administración, aproveitando a forza que dá unha colectividade, servizos sociais no eido rural, para mellorar así a atención na educación, en sanidade e, en especial, á infancia, á terceira idade e ás persoas con diversidade funcional, tentando dar resposta ás súas necesidades e velando polo cumprimento dos seus dereitos*".

As veciñas de Celas de Peiro afondan no uso e desfrute do Monte Xalo

Na Galiza, de maneira tradicional, foron e son os homes quen se encargan de xestionar maioritariamente os montes comunais, ocupando o meirande dos cargos representativos nas asembleas e levando a voz cantante na toma de decisións. A comunidade do monte Xalo-Celas, en Culleredo, non é moi distinta a outras da Galiza e iso vese traducido na composición da súa directiva, integrada unicamente por homes dende que María Grela, unha veciña que formaba parte deste órgano de dirección, tivo que deixalo por motivos familiares.

Porén, as mulleres da parroquia de Celas de Peiro decidiron implicarse tamén na reflexión colectiva sobre a xestión da comunidade de montes, e fixérono a través do proxecto "As veciñas opinan do Xalo" que está a levar a cabo a enxeñeira forestal e investigadora Beatriz Rodríguez-Morales e no que colaboran estreitamente As Berenguelas.

Os obxectivos perseguidos polo equipo de investigación da USC que desenvolve o seu traballo na Escola Politécnica Superior do Campus Terra (Lugo), vinculado ao Grupo de Investigación ECOAGRASOC, son os de afondar na diversidade de significados que os montes galegos lles aportan ás persoas que viven deles, que habitan na súa contorna, que os xestionan, usan, desfrutan ou, simplemente, os aprecian polo mero feito de existir. "*Ter en conta estes valores permitiranos desenvolver de xeito participativo ferramentas que conduzan a unha xestión do monte máis integrada, sostible e multifuncional*".

Para As Berenguelas, este proxecto traduciuse "*en dinámicas de coñecemento persoal, andainas fotográficas polo monte Xalo e, posteriormente, debates e procesos de reflexión a través de dinámicas grupais fomentando a reflexión, o traballo cooperativo entre todas as participantes*".

En concreto, leváronse a cabo unha serie de enquisas a través das cales afondaron nos usos que as persoas fan do Xalo e a maneira que teñen de entendelo e apreciarlo nas súas múltiples formas: culturais, produtivas e ambientais. Tamén se fixeron varias andainas nas que participaron 24 mulleres de diversas idades e xeracións para fotografar aspectos positivos, aspectos negativos e mudanzas nos usos e na paisaxe do monte. En total, fixeron 400 fotografías que serviron para trazar unha fiel radiografía do estado actual do monte levar a cabo unha xornada de reflexión colectiva o pasado 15 de outubro, coincidindo co Día da Muller Rural.

DOCUMENTACIÓN

En todos os casos:

- ✔ Declaración da renda do ano 2017. No caso de non ter a declaración de 2017: datos persoais (nome e apelidos, número de DNI e data de nacemento) de todos os membros da Unidade familiar e número de conta (IBAN).
- ✔ Data de caducidade do DI, ou data de expedición no caso de validez permamente.
- ✔ Referencia catastral da vivenda habitual (recibo da contribución urbana)
- ✔ Certificacións de rendementos de todas as contas bancarias, accións, bonos, dividendos de sociedades, cooperativas, montes veciñais, etc. que estean a nome de calquera dos membros da unidade familiar.

No caso de traballadores/as por conta allea, pensionistas, parados/as:

- ✔ Certificacións de retencións. (empresas, INSS, INEM, etc.)
- ✔ Cotizacións a sindicatos obreiros, se é o caso.

CAMPAÑA RENDA 2018

Caso de rendementos da actividade agraria:

- ✔ Certificados de retencións das empresas leiteiras, xateiros, etc.
- ✔ Facturas de venda de vacas, maquinaria, e demais elementos afectos á actividade.
- ✔ Xustificantes de todas as subvencións recibidas no ano 2018 (PAC, primas gandeiras, seguros de gando, Planos de mellora, etc.). Subvención do Agroseguro (Traer a copia da póliza).
- ✔ Informe de indemnizacións de Agroseguro, saneamento, etc.
- ✔ Facturas de venda de madeira (se é o caso).

No caso de ser necesario, pódese facer un inventario da explotación para deducir polos investimentos realizados nos últimos anos. Para isto, é preciso a relación de todos os elementos afectos á explotación (vacas, maquinaria, instalacións, etc) con data e prezo de compra. Se xa se ten feito en exercicios anteriores unicamente teremos que actualizalo.

Outros ingresos, no seu caso:

- ✔ Documentación xustificativa de venda de fincas, vivendas, activos financeiros, fondos de investimento, cobros por expropiacións, plans de pensións, etc.
- ✔ Subvencións: rehabilitación de vivenda cobradas no ano 2018, renda de emancipación, etc.
- ✔ Facturas de venda de dereitos de pago base, etc.

Deducións e reducións:

- ✔ Achegas a plans de pensións, alugueiro de vivenda, hipotecas, etc. (se as hai).

PREGÁMOSVOS QUE NOS TRAIADES A DOCUMENTACIÓN O ANTES POSIBLE PARA EVITAR PROBLEMAS DE ÚLTIMA HORA. ATENCIÓN EN HORARIO DE OFICINA.

Axudas a fill@s e mulleres vítimas de violencia machista

Axudas a fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como aquelas mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, que no momento dos feitos residan na Galiza.

Prazo: **30 de novembro**

Axudas para contratar mulleres desempregadas

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas @s autónom@s, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten mulleres desempregadas.

O prazo para solicitar por contratos entre o 1 de outubro de 2018 e o 25 de abril de 2019, remata o **25 de xuño**. Para o resto, o **30 de setembro**.

Axudas por ter fill@s menores de tres anos

Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan fillas ou fillos menores de tres anos nados entre o 1.1.2016 e o 31.12.2017 e que, durante o ano 2017, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF. Serán tamén beneficiarias desta prestación as fillas ou fillos adoptados ou acollidos mediante resolución, xudicial ou administrativa, ditada entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2017.

A prestación consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos. A contía será a seguinte:

a) Cando sexa a primeira filla ou fillo: 360 euros.

b) Cando sexa a segunda filla ou fillo: 1.200 euros.

c) Cando sexa a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros.

O prazo para solicitar esta axuda remata o **28 de maio**.

Fomento de maquinaria agrícola en réxime asociativo

Axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Serán subvencionables os investimentos en maquinaria agrícola e en estudos técnico-económicos de viabilidade.

En canto ás entidades beneficiarias destas axudas poderán ser as cooperativas agrarias, as cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (CUMA), as cooperativas de explotación comunitaria da terra ou as sociedades agrarias de transformación (SAT).

O prazo de solicitude desta axuda remata o **14 de xuño.**

Axudas para contratar persoas paradas de longa duración

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluíd@s autónom@s, sociedades civís e comunidades de bens que contraten persoas desempregadas de longa duración por conta allea.

As contratacións realizadas entre o 16 de outubro de 2018 e o 20 de marzo de 2019, terán de prazo para solicitar a axuda até o **21 de maio**. O resto terán de prazo até o **30 de setembro**.

Axudas para proxectos de enerxías renovábeis térmicas

Subvencións para apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso racional das enerxías renovables. Están dirixidas a entidades locais, entidades sen ánimo de lucro, empresas e autónom@s.

Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica con equipamentos que utilicen biomasa e outras instalacións de enerxías renovables que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, a aerotermia e a solar térmica. O prazo de solicitude remata o **27 de maio**.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese
-Pequeno rabaño de ovellas do país e cabalo. En Tordoia
☎634 627 875

Véndese
-Enruladora barata.
-Silo de herba.
☎981 446 501 e 644 791 378

Véndense
-Becerros Limousin, en Lugo.
☎685 884 257

Véndense
-Motocultor con fresa e arado seminovos, practicamente sen uso. Marca Roteco.
☎634 409 255

Véndese / Alúgase
-Granxa avícola a 27 Km de Compostela. 1.200 m², con capacidade de ata 18.000 polos. Dispón tamén de finca anexa.
☎634 409 255

Véndense:
-Sementadora de millo Monosem, modelo PNU, pneumática, de 4 regos con aboadores incorporados. En bo uso.
-Remolque agrícola, con volquete e freo hidráulico. Medidas da caixa: 1'70 x 3 metros
☎982 170 040 / 646 417 298 (Xosé Manuel)

Véndense
-Bolos de silo (50 unidades).
-Moega de penso de 5.000 quilos.
-Autocargador rotativo, con documentación e en bo estado.
☎660 515 344

Véndese
-Cisterna de 8.000 litros con brazo de carga e cualleras.
☎630 173 463 (Alberto).

Véndese
-Desensiladora de poldro, seminova, prezo a convir. Na zona de Meira.
☎982 330 623 (Manuel)

Véndese
-Tractor John Deere 6330, seminovo.
-Autocargador Pottinger BOSS 1 (20-22 metros).
-Rotativa Krone 280 R pendular, seminova.
-Angazo estendedor Pottinger 520.
-Circuíto de muxido Gascoigne de 5 puntos.
-Tanque de leite de 650 litros, monofásico para 2 muxidos.
-Calleiros mod. carrete.
-Elevador vacún.
-Estendedor de silo.
En Guntín (Lugo). Por cese de actividade. Preguntar por Xosé.
☎982 320 206 / 686 811 992

Véndese
-Herba seca (50 rolos).
En Santa Cristina, Cospeito.
☎982 505 755

Véndense
-Arado de dous regos en bo estado.
-Sementadora de millo.
Na zona de Boqueixón.
☎636 154 316 (Manuel)

Véndense
-Autocargador Campeva 22 m3. Apertura manual, rodas novas . Moi bo estado.
-Rotativa 1,85 m. Impecable.
-Enrencadeiro 3 m. de traballo.
-Estendedeiro, tamén enrenca. 2.40 m. de traballo.
-25 rolos de herba seca.
-Cisterna de 3.000 litros.
-Batedor de xurros.
Todo en moi bo estado. Véndese por xubilación. Chamar ao mediodía ou pola noite.
☎618 153 981 (Luís)

Véndense
-Vacas do país. Na zona de Melide.
☎604 004 841

Véndese
-Material de cunicultura: xaulas, cunas, 2 silos de 10.000 kg, 1 silo de 5.000 kg.
☎629 313 278

Véndese
-Autocargador rotativo marca Bonino 40.
-Autocargador Magal de 7 coitelas.
En Monfero.
☎626 194 490 (Paco)

Véndense
-Autocargador con rotativa Morra.
-Rotovator de 1,50 m.
-Apañadora de patacas.
-Silo de herba.
☎981 446 501 (Rosa María)

Véndense
-Tractor de dobre tracción, 85 cv, con 6.200 horas de traballo.
-Rotativa de 1.85m. 1.000 €
-Segadora BCS, con documentación. 800 €
-Furgoneta Citroën Jumpy, ano 2008. 3.000 €
☎667 469 962

Véndense
-2 becerros macho de raza Limousin, para reprodutores. Fillos de vacas importadas de Francia con carta e de Dixdeder.
☎606 739 438

Vendense
-Rolos de herba seca grandes n'O Corgo (Lugo).
☎659 341 116 (Luis)

Véndese
-Poldro das vacas, seminovo, manual. Prezo a negociar. na zona de Meira.
☎982 330 623

Véndese
-Tractor Ebro 8135, dobre tracción, 131 CV, con anclaxe de pa. ITV ao día
-Autocargador Compar con documentación, picú e freo hidráulicos.
☎686 596 260 (Ovidio)

Véndense
-Tractor marca Pasquali e apeiros: fresa, grada, 2 arados e remolque.
-Apañadora de patacas de 1 rego.
-Desbrozadora de cadeas.
En Lugo.
☎690 774 565

Véndese
-Citröen Xsara do ano 2005, con 170.000 Km. Con distribución cambiada.
☎659 993 345 (Xoán)

Véndense
-Picador Pottinger 40 m³. Con estenderores. Moi bo estado.
-Arado de 3 regos marca Ovion. Automático.
-Aboadora 500 kg, con accesorio para sementeira de herba.
-Sala de muxido con 8 puntos marca Fullwod. Moi económica.
Por peche de explotación. Zona de Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndense
-Carro mesturador Cereijo 9 m
-Silo de penso de 5.000 litros.
-Termo de corrente para quentar a auga.
-Estendedor da herba do silo.
-Rolos de silo.
☎670 898 481

Véndese
-Remolque.
-Autocargador en bo estado.
-Touro Blonde e touro galego de 4 anos.
O Corgo
☎689 752 400 (Xosé)

Véndese
-Vaca galega de 2 anos, preñada de 5 meses.
En Aldixe (Abadín)
☎982 526 886

Véndese
-Herba seca en rulos de 1,40. Do ano 2018. Na zona de Oza dos Ríos (A Coruña).
☎619 267 520 (Carlos)

Véndense
-Dous pneumáticos Goodyear 380/70 R24 radiais, en bo uso.
☎657 390 490

Véndense
-Rolos de herba seca de 2018, de 1,20 x 1,40. Boa calidade.
☎680 107 271 (Xosé Manuel)

Véndense
-Xata de 7 meses.
-Xato de 8 meses.
Ambos inscritos en Acruga.
☎662 519 255

Véndese
-Prensa de queixo
-Autocargador-picador Mengele.
☎981 788 859 / 628 586 957

OUTROS

Regálase
-Silo metálico especial para serraduras. Na comarca do Deza.
☎660 891 848 (Pili)



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Asesoría para mulleres do rural
PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES
UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
XUNTA DE GALICIA
COLABORA:

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES
016
Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.
Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

FOUCE 325
Marzo-Abril 2019
sindicato labrego galego
comisións labregas

Esther Teijeiro ▸ Propietaria da Adega Diego de Lemos na Ribeira Sacra

Esther Teijeiro naceu e criouse entre as cepas da súa familia en Nogueira de Miño, e entre elas viviu toda unha vida xa en Pincelos (A Sariña, Chantada). Aos seus 82 anos, atesoura moita experiencia mimando acios e elaborando viños na Ribeira Sacra. De feito, a súa foi a primeira adega en inscribirse na denominación de orixe e seu foi o primeiro viño con certificación ecolóxica da Galiza. Así e todo, advertiunos: "Eu non teño nada que contar". Pero, a base de tirarlle da lingua, ao final algo contou...

"Cando unha cre en algo e loita por iso, tanto ten o que digan os demais"

Vostede é viticultora e viñateira de pura cepa, nunca mellor dito.

Son. Eu nacín en Nogueira e só coñecín viñedos dende pequena. Meus pais vivían do viño e nós andabamos dende nenas polo medio das cepas. Os meus avós xa tiñan os viñedos.

A viticultura que se practicaba cando vostede era nena de seguro que era ben diferente da actual.

Temos seis hectáreas onde cultivamos Mencía, Godello, Treixadura e, en menor medida, Albarello e Caíño. Nós abrimos a primeira adega que se inscribiu na IXP Ribeira Sacra en 1987. Para poder facelo, tivemos que arrincar as cepas das castes que nos dixeron que non valían.

Fóra diso, podemos dicir que seguimos facendo a mesma viticultura que practicabamos cando eu era nena, con algunhas diferenzas, claro. Antes cavábamos e agora xa non cavamos, senón que deixamos medrar a herba. Pero, a grandes trazos, seguimos practicando unha viticultura como a de antes, sulfatando con caldo bordelés, que antes faciamos con sulfato de pedra.

Sulfato de pedra?

Si, antes o cobre viña en pedra, cando o aplicaban meus pais. Deixábano pola noite para que se derretera nunha pipa de madeira e, para o outro día, botábaselle cal e aplicábase. É o mesmo que botamos agora, pero coa diferenza de que xa vén feito.

Comentou antes que fundou a primeira adega inscrita na DO Ribeira Sacra. Como era cando estaba todo por facer?

Foron comezos difíciles. O papelame levaba moito tempo e, o peor de todo, é que ninguén cría en nós nin no que estabamos a facer. Mesmo quixeron impedirnos participar na Feira do Viño porque eramos unha adega. Dicían que tiña que ser un viño tradicional, como o de antes. E o noso érao, coa única diferenza de que tiñamos unha adega e estaba rexistrada na denominación de orixe.



E se ás dificultades de ser pioneira lle engadimos a de ser muller...

Hoxe en día hai moitas mulleres á fronte de adegas, pero naquela época non había ningunha. Se agora hai machismo, hai trinta anos había moito máis. De min dicían, de maneira despectiva, que era unha muller que quería vestir pantalóns. Ademais, tamén dicían que por ser muller non ía ser quen de sacar a adega para adiante e non comprendían como podía xestionala, xa que ese tipo de traballos estaban asociados aos homes. Pero cando unha cre en algo e loita por iso, tanto ten o que digan os demais.

Por que tomou a decisión de facer viño ecolóxico cando ninguén o facía?

Tomamos a decisión de dar o paso para facer viño ecolóxico no ano 2000 e en 2003 acadamos a certificación do Craega.

O noso foi o primeiro viño ecolóxico certificado na Galiza e, cando estabamos comezando, dixéronnos que iamos morrer de fame, xa que os químicos que deixamos de utilizar garantían unha maior produción. Había que matar a herba porque dicían que así obtiñas máis viño. Polo que iso de non utilizar herbicidas a xente non o entendía.

Pero de fame non morreron.

Os primeiros anos de ecolóxico, como as cepas estaban afeitas aos tratamentos, non deron tanto, pero despois, aos dous anos ou tres, xa comezamos a ter colleitas como as de antes. É certo que se só utilizas métodos naturais, a produción non é tan elevada, pero tampouco é unha mingua moi grande.

Era difícil vender un viño ecolóxico naquela época?

Ao principio, cando vendiamos a tendas ou restaurantes, non sabían que o viño era ecolóxico. Parecíalles que era un viño igual cós outros e ti tiñas que calar porque non o entendían. Ao final, nós tiñamos que sacar o viño e non o dabamos vendido por moito máis do que pagaban polo convencional. Pero para nós era máis importante vender e dar a coñecer, facer que a xente consumise un bo produto, que sacar un prezo maior por ser ecolóxico.

E así até hoxe.

Aquí seguimos, loitando. Só desexo que os que veñan detrás sigan loitando por isto, que o viño desta adega siga a ser un viño bo e que lle guste á xente. Esa sería unha alegría que me darían cando estea debaixo da terra.

E hai relevo xeracional para continuar coa adega?

Eu creo que si. Agora mesmo, hai xente interesada en mercar a adega, pero eu non a quero vender até ver que queren facer con ela os meus fillos ou os meus netos. Se eles non a queren, algo terá que facerse.

As forzas xa se están acabando, pero hai xente de fóra para axudar. Por certo, estamos buscando un repartidor para A Coruña e Santiago de Compostela, onde o noso viño se estaba a vender moi ben. Se hai alguén interesado, que me chame ao 690 048 338.

Non desaproveita a ocasión. Sempre pensando no traballo. Con 82 anos, ben merecería un descanso, ¿non?

Cando loitas por algo como esta adega con tanto interese, algo ao que queres tanto, dóeche moito desfacerte diso demasiado pronto. Non é cuestión de querer sacar máis cartos. Para min, a adega e o viño son un modo de vida e gustaríame que os fillos puidesen continuar con ela.